

## **CIRCULAR 112-2023. Modificado 25/09/2023**

# **CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CAMPO A TRAVÉS ABSOLUTO, SUB 23, SUB 20, SUB 18, SUB 16 POR EQUIPOS E DE REMUDAS ABSOLUTO MIXTO.**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo e o CCA Atletismo Ría de Foz, organizan o Campionato de Galicia Absoluto, Sub23, Sub20, Sub 18 e Sub 16 por equipos masculino e feminino, e o Campionato de Galicia de Remudas Absoluto Mixto o 22 de outubro en Cangas de Foz, no circuíto localizado na proximidade do Pavillón os Castros.

**Art.2).**- Poderán participar no campionato atletas con licenza na presente tempada por algún club de Galicia.

- Campionatos por Equipos
  - o Cada club poderá participar cun número ilimitado de corredores, puntuando para a clasificación final cun equipo por categoría e sexo.
  - o Na carreira absoluta poderán participar atletas Sub 23, Sénior e Máster.
    - Os/as Sub 23 que formen parte do equipo absoluto non poderán ser parte do equipo Sub 23.
- Campionato de Remudas
  - o Cada club poderá participar cun equipo composto por dous homes e dúas mulleres de categoría Sub 20 e/ou superiores.
    - Orde de participación: **Muller – Home – Muller – Home**
- ❖ Limitacións de atletas estranxeiros e de clubs asociados: segundo normativa RFEA para o Campionato de España.
- ❖ Ningún atleta poderá participar nos dous campionatos.

**Art.3).**- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> con límite ata o luns 16 de outubro ás 20:00 horas para o campionato galego.

- Os/as atletas Sub 23 que queiran puntuar co equipo absoluto deberán indicar “absoluta” no campo dorsal. De non realizarse ningunha indicación a súa inscrición formalizarase dentro da categoría Sub 23.

#### Art.4).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Deberán acceder á vez todos os integrantes do equipo.
- No caso de que algún equipo non presente en cámara de chamadas a un mínimo de 4 integrantes, non poderá tomar parte da proba.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

**Art.5).-** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.6).-** Todos os atletas dun mesmo club sairán do mesmo caixón. A orde de colocación dos equipos na saída establecerase por sorteo.

**Art.7).-** Horario provisional:

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	HORA SAÍDA	CATEGORÍA	DISTANCIA	PECHE CONTROL*
9:40	9:50	<b>10:00</b>	Remuda Mixta	6000 aprox	28 min*
10:10	10:20	<b>10:30</b>	Sub 16 M	3000 aprox	18 min*
10:30	10:40	<b>10:50</b>	Sub 16 H Sub 18 e Sub 20 M	4000 aprox	24 min*
10:55	11:05	<b>11:15</b>	Sub 18 H	4500 aprox	26 min*
11:25	11:35	<b>11:45</b>	Sub 20 H - Sub 23 M	6000 aprox	35min*
12:00	12:10	<b>12:20</b>	Abs M -Sub 23 H	8000 aprox	45 min*
12:45	12:55	<b>13:05</b>	Abs H	10000 aprox	55 min*
<b>CERIMONIA DE PREMIACIÓN (14:15 APROX)</b>					

\*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado para cada carreira.



**Art.8).- Sistema de clasificación:**

- Confeccionarase, para cada categoría, unha listaxe por orde de chegada, conformada polas 6 primeiras persoas que cheguen a meta de cada equipo e excluindo desta a aquelas persoas cuxos equipos non cheguen a meta con 4 integrantes.
- Atribuiráselle a cada atleta un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo a citada listaxe.
- A puntuación do equipo obterase pola suma de puntos dos 4 mellores clasificados/as de cada equipo.
- Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo cuarto/a atleta teña finalizado máis preto do gañador/a da proba.

**Art.9).-** Os/as tres primeiros/as equipos clasificados/as recibirán un trofeo conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premios.

**Art.10).-** A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)
- Inscricións fora de prazo: 3 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.

**Art.11).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

**Art.12).-** Unha vez rematada a competición, todos aqueles clubs interesados en participar no Campionato de España de Campo A Través por clubs, deberán enviar un correo a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) antes das 20:00 horas do luns 30 de outubro, indicando a categoría e o sexo do equipo/os cos que quere participar, comprometéndose a participar de acadar unha praza.

A Coruña, 23 de setembro de 2023

Carlos Castro Vicente  
Secretario da Federación Galega de Atletismo